



# Concello de A Mezquita

## **BANDO**

## **PROGRAMA EMEGA**

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde – Presidente do Concello da Mezquita, polo presente,

### **FAI SABER:**

Que o día 3 de xullo do 2026 publicouse a seguinte AXUDA do **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (DOGA Nº 123)**:

“ORDE do 18 de xuño de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do **programa Emega** para o fomento do emprendemento feminino en Galicia, (código de procedemento SI429A),

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2026/20260703/AnuncioG0762-190626-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2026/20260703/AnuncioG0762-190626-0001_gl.html)

**BENEFICIARIOS:** As empresas privadas formadas por mulleres que inicien a súa actividade económica o 14 de agosto de 2025 e 3 de agosto do 2026.

O programa Emega son axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres, xunto con medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Ten as seguintes liñas

- a) **Emega Emerxe** promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea
- b) **Emega Impulsa** favorecer a reactivación, a consolidación de empresas constituídas por mulleres, ou a implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade
- c) **Emega Innova** impulsar a implantación de iniciativas empresariais de carácter innovador
- a) **Emega Concilia:** axuda complementaria das modalidades Emerxe, Impulsa e Innova para promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral,

**A CONTÍA depende da liña a solicitar**

**O prazo** remata o día 3 de agosto do 2026.

**Para calquera dúbida poden acudir ás oficinas do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas.**

En A Mezquita.

O ALCALDE,  
Asdo: Rafael Pérez Vázquez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

